



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI) vén de anunciar no último número da súa revista *Perspectiva* (nº 45 de febreiro de 2015) un incremento dos fondos destinados a financiar proxectos de I+D+i durante 2015, así como unha revisión da intensidade das súas axudas.

Grazas á dispoñibilidade de fondos FEDER procedentes do Programa Operativo Pluri-rexional de Crecemento Intelixente 2014-2020 -no que CDTI vai xestionar arredor de 800 millóns de euros durante todo o periodo-, os **proxectos cofinanciados con FEDER** beneficiaranse dun **tramo non reembolsable do 20%** con independencia do tamaño da empresa.

No caso dos **proxectos de cooperación tecnolóxica internacional** tamén se incrementou o **tramo non reembolsable da axuda ao 30%**, con independencia do tamaño da empresa, co fin de continuar potenciando a internacionalización das empresas españolas e facilitando a creación de dinámicas estables de cooperación.

Ademais, CDTI **simplificou os anticipos concedidos** sobre as axudas aprobadas. Deste xeito, con carácter xeral, as empresas poderán obter un 25% de anticipo sobre o concedido ata un límite de 200.000 euros e sen garantías adicionais e, no caso de que precisen maior liquidez, poderán solicitar ampliar este anticipo até o 50 ou o 75% da axuda sempre que presenten garantías suficientes.

Por último, CDTI informa de que previsiblemente durante o primeiro semestre deste ano se publicará a **segunda convocatoria de CIEN**, destinada a apoiar a creación de redes estables de cooperación público-privada a través de grandes consorcios empresariais de I+D de carácter estratéxico, así como o **relanzamento das axudas Neotec**, transformadas en

subvencións cunha convocatoria anual. Así mesmo, manterá a convocatoria FEDER Innterconecta.

Para máis información, podes contactar co **Departamento de Estudos e Comunicación de CDTI** no teléfono 915815614 ou no correo electrónico promocion@cdti.es.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.